



Federación
Galega de
Atletismo



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



DEPORTE
GALEGO

XLI COPA DEPUTACIÓN OURENSE ATLETISMO – 5 K EN RUTA XVI CARREIRA POPULAR DOS SANTIÑOS

17/11/2024 - REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

A Delegación en Valdeorras da Federación Galega de Atletismo e ADAS O Barco co patrocinio da Deputación de Ourense e Concello de O Barco de Valdeorras organiza a **XLI Copa Deputación Ourense – 5 K en ruta** e a **XVI Carreira Popular dos Santiños**, que se celebrará o **domingo, 17 de novembro de 2024 en O Barco de Valdeorras**.

A proba está incluída no calendario oficial de competición da Federación Galega de Atletismo.

A proba ten carácter solidario a beneficio de Cruz Vermella en Valdeorras e recolleranse xoguetes novos.

O stand para a recollida do "Xoguetes Solidario" estará no Estadio Municipal de Calabagueiros onde os atletas e calquera persoa, poderán doar o seu xoguete.

O xoguete debe ser novo, educativo e non bélico nin sexista.

2. PARTICIPACIÓN

Poderán participar atletas populares e atletas federados con licenza da FGA na presente tempada.

3. INSCRICIÓN

A inscrición será gratuíta e realizarase a través da web **carreirasgalegas.com** ata as **23:59 h. do xoves, 14 de novembro de 2024**. Os atletas federados deberán indicar o seu número de licenza e club ao que pertencen no proceso de inscrición.

4. HORARIO – DISTANCIA – CATEGORÍAS

HORA	DISTANCIA	SUPERFICIE	CATEGORÍA
11:00	5 Km.	RUTA*	SUB18-SUB20-SUB23 MÁSTER A-B-C-D-E H/M
11:00	2,5 Km.	RUTA*	SUB16 H/M
12:00	600 m.	PISTA AL	SUB14 H/M
12:10	500 m.	PISTA AL	SUB12 H/M
12:20	300 m.	PISTA AL	SUB10 H/M
12:30	100 m.	PISTA AL	SUB8 H/M

*XLI Copa Deputación Ourense Atletismo en ruta



DEPUTACIÓN
OURENSE

Actividade subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense



CATEGORÍA	ANO	CATEGORÍA	ANO
SUB8	2017 en diante	SUB23/SÉNIOR	2004 ata 34 anos
SUB10	2015/2016	MÁSTER A	35 a 44 anos
SUB12	2013/2014	MÁSTER B	45 a 54 anos
SUB14	2011/2012	MÁSTER C	55 a 64 anos
SUB16	2009/2010	MÁSTER D	65 a 74 anos
SUB18	2007/2008	MÁSTER E	75 anos en diante
SUB20	2005/2006	ABSOLUTA	Desde 2007 a Máster

5. PERCORRIDO

5 Km. DISTANCIA HOMOLOGADA – Ver Anexo I

O circuíto urbano consta de 2,5 Km. totalmente chan, que transcorrerá polas seguintes rúas:

SAÍDA Pavillón de Calabagueiros (diante) – Rúa Río Mariñán – Rúa Barco de Avila – Paseo do Malecón (control de paso) – Paseo do Malecón – Rúa A Coruña – Rúa Calabagueiros – META Pavillón de Calabagueiros (diante)

5 Km – 2 Voltas – Categorías desde Sub18 ata Máster
2,5 Km. – 1 Volta – Categoría Sub16

6. RETIRADA DE DORSAIS

Os dorsais recolleranse no Estadio Municipal de Calabagueiros no espazo habilitado a tal efecto nos seguintes días e horario:

- Sábado, 16 de novembro de 2024 – 19:00 a 20:00
- Domingo, 17 de novembro de 2024 – 09:30 a 10:30

7. PREMIOS

7.1 PREMIOS XLI COPA DEPUTACIÓN OURENSE ATLETISMO EN RUTA

Recibirán unha medalla os/as tres primeiros atletas clasificados/as de cada categoría na proba de 5 Km. e 2,5 Km. que cumpran 3 das seguintes condicións:

- Ser cidadán español (acreditado mediante o carné de identidade).
- Ser ourensán de nacemento (acreditado mediante o carné de identidade ou partida de nacemento)
- Ter domicilio legal na provincia de Ourense (acreditado mediante certificado de empadramento).
- Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Ourense para a tempada 2024.

É de obrigado cumprimento acudir ao podio, no caso contrario non se fará a entrega da medalla.



7.2 PREMIOS XVI CARREIRA POPULAR DOS SANTIÑOS

- Trofeo para os tres primeiros clasificados na categoría absoluta homes e mulleres
- Trofeo ós primeiros clasificados e medallas para o segundo e terceiro nas categorías Sub14, Sub16, Sub18, Sub 20, Sub23, Sénior e todas a categorías Máster homes e mulleres.
- Nas carreiras de Sub14, sub12, sub10 e Sub8 entregaranse medallas aos 10 primeiros de cada categoría
- Obsequiarase cunha bolsa do corredor os participantes na carreira absoluta.
- Os trofeos da categoría absoluta, non serán acumulables coas outras categorías.

8. SERVICIOS MÉDICOS

A proba disporá dos servizos médicos obrigatorios e recomendados dacordo coa lexislación vixente.

A organización disporá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil segundo a lexislación vixente. Todas as persoas inscritas estarán cubertas por unha póliza de seguros de accidentes .

9. RESPONSABILIDADE

O/a participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

10. LOPD

Todas as persoas corredoras, ao realizaren a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou Internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola, organización e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades.

11. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.



**DEPUTACIÓN
OURENSE**

Actividade subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense

